



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Dirección Xeral de
Desenvolvemento Sostible

INFORME CLIMATOLÓXICO

MES DE DECEMBRO 2006



1.- Resumo

Mes cálido e chuvioso nos primeiros e derradeiros días e frío e seco no medio.

O mes de decembro caracterízase por valores medios, tanto en chuvia como en temperatura, moi próximos ós normais, pero esta normalidade no valor de chuvia acumulada e temperatura media oculta unha grande variabilidade dentro do mes. Así, os primeiros dez días foron unha continuidade do final do mes de Novembro, caracterizado polo tanto pola chegada de fronteas de chuvia moi activos, acompañados de ventos de compoñente sur, que deixaron temperaturas moi suaves nestes primeiros días. A partir da tarde do día 10 un potente anticiclón situouse estacionario ó norte da Península Ibérica deixando tempo seco e soleado ata o día 28. Esta tendencia soamente quedou transitoriamente rachada na xornada do día 12 e na tarde-noite do 17 e a madrugada do 18 cando se rexistraron algunhas chuvias de carácter débil. Este período anticiclónico de 18 días deixou tamén temperaturas moi baixas debido á longa duración das noites. Isto trouxo xeadas moi importantes no interior de Galicia, particularmente fortes nas madrugadas do 24, 25 e 26 de Decembro. A partir do día 29 un centro de baixas presións achegouse novamente a Galicia, deixando unha meteoroloxía caracterizada polas temperaturas suaves e as chuvias, destacando as rexistradas o derradeiro día do mes no litoral Atlántico.

Precipitación: As chuvias acumuladas durante este mes estiveron en xeral preto dos valores promedio durante o período 1971-2000. Isto é así xa que aínda que boa parte do mes Galicia estivo baixo condicións anticiclónicas, as chuvias rexistradas nos primeiros dez días estiveran xa moi preto das normais de todo o mes, e as rexistradas nos derradeiros 3 días completaron o balance de chuvias. Compre destacar a zona de Ferrol-Coruña onde as chuvias do principio do mes foron moi intensas, o que fixo que teñamos que considerar este mes como moi húmido.

Temperaturas: No que afecta ás temperaturas o comportamento foi similar ás chuvias. Os valores promedio están preto dos normais, pero a variabilidade foi a tónica dominante. Durante os primeiros dez días do mes as temperaturas foron moi suaves, particularmente nos valores mínimos, debido á prevalencia de ceos cubertos con chuvias e ventos de compoñente sur. Este comportamento repetiuse nos derradeiros tres días. Porén, o período anticiclónico no medio destes períodos chuviosos rexistrou temperaturas moi baixas, con importantes xeadas sobre todo no interior de Galicia, ocasionando unha tendencia ó rexistro de temperaturas mínimas medias algo por debaixo das agardadas.



2.- Táboas de datos

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da CMA (CIS Ferrol, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense-Ciencias) cos valores climáticos para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa/ Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións do INM, e Lourizán, da CMA), no período 1973-2003.

O valor climático corresponde co promedio destes 31 anos, para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou:

As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou l/m2).

CIS FERROL

	DECEMBRO 2006	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	10.8	11.5	13.7 (1989)	9.0 (1975)
Tª mínima media	7.6	8.9	11.3 (1989)	6.0 (1975)
Tª mínima absoluta	1.9 (día 24)	0.6 (25/12/2001)		
Tª máxima media	14.9	14.1	16.1 (1989)	12.0 (1975)
Tª máxima absoluta	17.6 (día 27)	25.6 (02/12/1985)		
Precipitación acumulada	276	136	400 (1978)	21 (1988)

Comentario:

*Temperaturas medias e mínimas inferiores aos valores medios. As máximas sen embargo chegaron a superar o valor medio
 A chuvia acumulada superou o valor agardado. O mes pode considerarse moi húmido*



SANTIAGO

	DECEMBRO 2006	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	8.9	8.5	10.9 (1989)	5.7 (1975)
Tª mínima media	5.7	5.1	8.2 (1989)	1.8 (1975)
Tª mínima absoluta	0.1 (día 25)	-5.8 (25/12/2001)		
Tª máxima media	12.9	11.8	13.7 (1989)	9.6 (1975)
Tª máxima absoluta	15.4 (día 27)	23.4 (02/12/1985)		
Precipitación acumulada	184	285	869 (1978)	21 (1988)

Comentario:

Temperaturas semellantes aos valores agardados agás no caso das máximas, que foron preto de un grao superiores ao valor medio.

A chuvia acumulada foi inferior ao valor agardado; o mes pode considerarse seco.

LUGO

	DECEMBRO 2006	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	5.6	6.7	10.1 (1989)	1.9 (2001)
Tª mínima media	1.6	3.3	7.4 (1989)	-2.8 (2001)
Tª mínima absoluta	-5.7 (día 25)	-8.0 (23/12/1975)		
Tª máxima media	11.4	10.3	13.0 (1977)	7.1 (1980)
Tª máxima absoluta	15.5 (día 4)	22 (02/12/1985)		
Precipitación acumulada	137	139	520 (1978)	12 (2001)

Comentario:

As temperaturas medias e especialmente as mínimas foron inferiores aos valores medios agardados. As máximas sen embargo fóron un grao superiores

A precipitación entra dentro do rango normal agardado



PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	DECEMBRO 2006	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
T ^a media	9.4	10.1	13.5 (1989)	7.9 (1975;2001)
T ^a mínima media	5.6	5.9	10.4 (1989)	2.6 (2001)
T ^a minima absoluta	-0.5 (día 25)	-5.7 (25/12/1994)		
T ^a máxima media	14.7	14.4	16.6 (1989)	12.4 (1973)
T ^a máxima absoluta	18.0 (día 28)	25.5 (02/12/1985)		
Precipitación acumulada	234	266	853 (1978)	24 (1988)

Comentario:

As temperaturas medias e mínimas diarias foron inferiores ao agardado pero as máximas fóron moi semellentes ao valor medio

A chuvia acumulada entra dentro do rango de valores normais

OURENSE

	DECEMBRO 2006	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
T ^a media	7.4	8.5	11.9 (1989)	4.8 (2001)
T ^a mínima media	4.2	4.3	8.7 (1981)	-1.8 (2001)
T ^a minima absoluta	-2.4 (día 25)	-8.6 (25/12/2001)		
T ^a máxima media	12.1	12.7	15.3 (1989)	9.1 (1980)
T ^a máxima absoluta	17.4 (día 7)	22.4 (02/12/1985)		
Precipitación acumulada	136	118	406 (1978)	5 (1988)


Comentario:

O mes pode considerarse frío, xa que todas as temperaturas quedaron por debaixo dos valores agardados, especialmente no caso das medias, preto de 2°C por debaixo do agardado

A chuvia acumulada foi superior ao valor medio. O mes pode considerarse húmido


3.- Mapas

3.1.- Temperatura media das máximas





3.2.- Temperatura media das mínimas





3.3.- Choiva acumulada (litros/m²)

